

SALA DE PROFESORES

Ilker Çatak, 2023

1235

ESTREA EN NUMAX: 02.02.2024 | V.O.S.E. | +7 | 96 min

Carla Nowak, unha idealista profesora de matemáticas e deportes, comeza o seu primeiro traballo nunha escola de secundaria. Cando se producen unha serie de roubos na escola e as sospeitas recaen nun dos seus alumnos, decide chegar ao fondo do asunto pola súa conta. Carla intenta mediar entre familias indignadas, colegas obstinados e estudantado agresivo, pero enfróntase ás implacables estruturas do sistema escolar.

«Un apaixonado thriller ético na aula»

Jessica Kiang, VARIETY



Entrevista con con İlker Çatak: «O verdadeiro carácter de alguén sae en situacións de estrés»

Por Teresa Vena

Inspirácheste nalgo en concreto? É dicir, Sacaches algo da túa propia experiencia? O coautor do guión, Johannes Duncker, e máis eu iamos xuntos ao colexio en Istanbul, onde vivimos un incidente similar ao da película. Os profesores entraron á aula para mirar as carteiras dos alumnos. Xa nos esqueramos diso, pero foi entón cando lle contei a Johannes o que lle pasou aos meus pais, que tiñan a unha asistenta que lles roubou e os meus pais déronlle outra oportunidade, pero roubou de novo. O interesante é a dinámica que se desatou entre os meus pais, pois o meu pai non quería darlle outra oportunidade, pero a miña nai si. Aí foi cando volvemos lembrar o que nos pasou a nós. Aínda por riba, Johannes contoume outro incidente que houbo no colexio da súa irmá, e que nos inspirou para a película. Queríamos falar de roubos, prexuízos e falsas acusacións.

Que é o que che gusta tanto da contorna escolar? O colexio é un moi bo exemplo en canto a que representa a toda a sociedade. Por unha banda, tes a un xefe co poder, que é o profesor, e a cidadáns que son alumnos. Mesmo tes a figura da prensa co xornal do colexio. Hai moito material que che permite falar de cousas importantes a través de cousas pequenas.

Como collestes ideas para a película? Pasamos tempo en colexios, e algo que nos resultou moi impactante foi que os profesores están baixo moita presión. En cada momento suceden unha chea de cousas diferentes. Podes estar a falar cun compañeiro ao tempo que chega o carteiro, un alumno che pide algo... é o que tentamos transmitir na película.

Que era o máis importante á hora de darlle forma ao carácter da profesora? Tiña que ser unha profesora dedicada e idealista, que o fai todo ben, pero que tamén comete erros. Ás veces fas todo ben, pero algo segue estando mal. Desde o principio tiñamos claro que só a mostraríamos no colexio, pois non nos interesaba como era en privado. O verdadeiro carácter de alguén sae en situacións de estrés.

Por que queriades que Leonie Benesch interpretase o papel? Descubrín a Leonie n'A *cinta branca* (Michael Haneke, 2009). Sempre me molestou un pouco que non conseguise papeis máis importantes despois diso, porque para min é unha das actrices con máis talento da súa xeración, polo que escribín o personaxe con ela en mente. Ademais, na rodaxe, vin o agradable que é traballar con xente intelixente, pois non tes que facer moito. É moi precisa, e non tivemos que falar moito.

Podes contarnos máis sobre o concepto visual? Eliximos o formato 4:3 para facer unha película reducida, de tal maneira que transmitise a presión baixo a que están os protagonistas. Unha imaxe máis alta tamén permitía ensinar mellor aos nenos e o que facían nos pupitres. Démoslle moita importancia a dous tons de cor, o azul do colexio e unha variación de tons marróns. Tamén sabíamos que non podíamos usar unha cámara portátil para as tomas longas que tiñamos planeadas, polo que utilizamos unha mestura entre cámaras portátiles e fixas. Ademais, o formato 4:3 lémbreme á miña mocidade, cando a televisión e o cinema estaban nese formato.